



Sr. Don

LUIS TOBIO
Bonetero, 5-2ºMADRID - 16

N.º 7

PA/fr.

VIGO

24/1/75

Querido Lois:

Moitas gracias pol-a tua dilixencia na resposta. Supoño que o Asesor Xurídico a que te refires non e Meseguer, que está na Dirección General de Pesca Marítima. Conocino en Caracas, e hai poucos días escribinlle co mesmo obxeto. Non tuven resposta aínda. De todas sortes si podes facer algo pra acelerar a remisión dos papeles, ficaremos moi contentos. A confección do número está varada pol-o escollo das dúas ponencias obxeto de tal extravío.

Hoxe estúven comendo aquí con Norberto Frontini, que pasou por Vigo rumbo a Cruña, pra estar con Seoane e Isaac Diaz Pardo. Penso que non volverá a recalar en Madrid, aínda que nos seus plans entra viaxar por Europa deica fins de Marzal.

Recibe unha cordial aperta do teu sempre incondicional amigo e compañeiro,

Fdo. V. *Valentín*
Raz-Andrade
Director.